

Contas do sector fogares

Último ano incluído: 2023

Resumo de resultados 28/02/2024

ÍNDICE

Introdución	1
Renda dispoñible bruta dos fogares	2
Valor engadido bruto do sector fogares	3
Saldo de rendas primarias e distribución secundaria da renda	3
Distribución de ingresos e gastos	5
O papel das transferencias sociais en especie na economía dos fogares	6
A distribución da renda dos fogares entre o gasto en consumo final e o aforro	6
Definicións, fontes e máis información	6

Introdución

As [Contas do sector fogares](#) son unha operación estatística do Sistema de Contas económicas de Galicia cuxo núcleo principal está formado polas Contas económicas e o Marco Input-Output, ambas operacións consolidadas segundo o Plan galego de estatística.

Proporcionan información da sucesión de contas correntes do sector institucional fogares. Entre as súas utilidades están:

- Coñecer a achega do sector fogares á economía galega e estudar a súa evolución.
- Coñecer e analizar as rendas primarias que os fogares reciben pola súa participación directa no proceso de produción (rendas do traballo: asalariado e autónomo) e a xerada como propietarios dun activo financeiro ou recurso natural a cambio de proporcionar fondos ou poñelo a disposición doutra unidade institucional (rendas da propiedade).
- Ofrecer información sobre o proceso de redistribución da renda a través dos impostos correntes sobre a renda e o patrimonio, as cotizacións e prestacións sociais e as transferencias correntes.
- Proporcionar información sobre a renda dispoñible bruta dos fogares galegos e a súa capacidade de aforro.
- Achegar información do impacto das transferencias sociais en especie, con orixe maioritariamente no sector público, na renda dispoñible.

Na difusión de resultados inclúense, así mesmo, datos da renda dispoñible bruta por habitante. A poboación utilizada neste cálculo é a poboación a 1 de xullo de cada ano proporcionada polas [Cifras poboacionais de referencia](#) que elabora o IGE. Para os anos anteriores a 2020, por non estar dispoñible o dato a 1 de xullo, estímase a poboación como o promedio da poboación a 1 de xaneiro do ano t e a 1 de xaneiro do ano $t+1$.

A publicación, que achega datos da serie 2010-2023, é coherente coas operacións estatísticas do Sistema de Contas Económicas de Galicia en [Revisión estatística 2024](#).

Nota: os datos de 2023 son avance e os de 2022 provisionais.

Para o ano avance só se publica o agregado da renda dispoñible bruta e non a sucesión completa de contas

Renda dispoñible bruta dos fogares

A renda dispoñible bruta dos fogares ascendeu a 50.028 millóns de euros no 2023.

A renda dispoñible bruta é o saldo contable da conta de redistribución da renda e mide a renda que os fogares teñen dispoñible para destinar ao gasto en consumo final ou ben ao aforro. No ano 2022, a renda dispoñible bruta dos fogares ascendeu a 46.268 millóns de euros, isto é foi un 7,2 % superior ao dato do ano 2021. Polo que respecta ao ano 2023 (estimación avance), a renda dispoñible bruta dos fogares galegos foi de 50.028 millóns de euros, un 8,1 % superior á do ano anterior.


Renda dispoñible bruta. Galicia

Unidade: miles de euros, euros por habitante

Tempo	Renda dispoñible bruta	Renda dispoñible bruta por habitante
2010	38.452.671	13.867
2011	38.271.053	13.803
2012	36.028.100	13.021
2013	36.123.738	13.114
2014	35.919.924	13.105
2015	36.950.290	13.548
2016	37.879.050	13.952
2017	38.848.673	14.353
2018	40.032.997	14.817
2019	42.473.797	15.722
2020	41.680.995	15.444
2021	43.175.225	16.044
2022	46.267.590	17.169
2023	50.027.722	18.534

Evolución da Renda dispoñible bruta e do Produto interior bruto. Galicia

Unidade: porcentaxes (%)



Fonte: IGE. Contas do sector fogares ([descarga da táboa](#)), IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#)), IGE. Contas económicas trimestrais ([descarga da táboa](#))

En 2023, a renda dispoñible bruta por habitante foi de 18.534 euros, un 8,0 % máis alta que no período anterior, rexistra un crecemento superior ao rexistrado na economía, medido pola evolución do produto interior bruto (PIB).

Valor engadido bruto do sector fogares

O sector fogares achega o 22,4 % do Produto interior bruto galego en 2022

Fixámonos agora no sector fogares como a agrupación das persoas na súa faceta de produtores de bens e servizos, é dicir, estamos a falar da actividade produtiva dos traballadores por conta propia non constituídos en sociedade. Na actividade dos fogares tamén se inclúen os servizos de aluguer das vivendas ocupadas polos seus propietarios.

O valor engadido bruto xerado por este colectivo en 2022 foi de 15.995 millóns de euros, o cal supón o 22,4 % do Produto interior bruto (PIB) de Galicia e un crecemento do 9,1% con respecto ao período anterior.

Valor engadido bruto do sector fogares e Produto interior bruto. Galicia

Unidade: miles de euros, porcentaxe

Tempo	Produto interior bruto	Valor engadido bruto	Porcentaxe sobre o PIB
2010	56.107.414	13.484.177	24,0
2011	54.682.290	12.980.578	23,7
2012	52.567.842	12.516.320	23,8
2013	52.392.587	12.601.435	24,1
2014	52.974.663	12.477.954	23,6
2015	54.653.914	12.658.105	23,2
2016	56.660.050	13.065.757	23,1
2017	58.547.481	13.483.350	23,0
2018	61.407.024	13.990.479	22,8
2019	62.980.466	14.396.952	22,9
2020	58.061.226	13.445.673	23,2
2021	64.751.732	14.659.626	22,6
2022	71.505.291	15.995.398	22,4

Fonte: IGE. Contas do sector fogares ([descarga da táboa](#)), IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))


Saldo de rendas primarias e distribución secundaria da renda

O saldo das rendas primarias increméntase un 8,9 % no 2022

A renda primaria defínese como a renda que reciben as unidades residentes en virtude da súa participación directa no proceso de produción e a renda a cobrar polo propietario dun activo financeiro ou dun recurso natural por facilitar fondos ou poñer os recursos naturais a disposición doutra unidade institucional. É dicir, sería a renda que obteñen os fogares antes de que interveña ningún mecanismo de redistribución. Está composta pola remuneración do traballo por conta allea (Remuneración dos asalariados), por conta propia (Renda mixta bruta), polas rendas netas que cobran os propietarios de activos financeiros (Rendas da propiedade) e polo excedente dos servizos de aluguer das vivendas ocupadas polos seus propietarios (Excedente de explotación bruta).

No ano 2022 o saldo das rendas primarias do sector fogares presentan un incremento do 8,9 % con respecto ao ano anterior. A principal compoñente deste saldo, a Remuneración dos asalariados, medrou nun 7,9 %, mentres a Renda mixta bruta tivo un incremento máis importante (11,4 %). O Excedente de explotación bruta medrou un 6,6 % e as Rendas da propiedade, que teñen un menor peso no saldo das rendas primarias, un 21,2 %.


Saldo de Rendas Primarias
Unidade: porcentaxe (%)



Play

- Excedente de explotación bruto
- Renda mixta bruta
- Remuneración dos asalariados
- Rendas da propiedade

Taxa de variación interanual das rendas primarias. Ano 2022
Unidade: variación porcentual (%)



Así pois, o crecemento en 2022 da renda dispoñible bruta responde a un crecemento das rendas primarias dos fogares, é dicir, a evolución deste saldo condiciona a evolución da renda dispoñible bruta, como xa ocorrera nos anos anteriores.

No ano 2022 o saldo das rendas primarias foi maior que a renda dispoñible bruta. Isto significa que, no proceso de redistribución da renda, os recursos (prestacións sociais e outras transferencias correntes recibidas) son inferiores aos empregos (impostos correntes sobre a renda e patrimonio, cotizacións sociais e outras transferencias correntes pagadas).

Saldo de rendas primarias. Galicia
Unidade: miles de euros

Tempo	Saldo das rendas primarias bruto
2010	39.643.928
2011	39.244.368
2012	36.591.599
2013	36.590.242
2014	36.584.604
2015	37.227.559
2016	38.311.661
2017	39.631.377
2018	41.101.603
2019	43.761.984
2020	41.192.112
2021	43.779.781
2022	47.657.333

Fonte: IGE. Contas do sector fogares
([descarga da táboa](#))

Distribución de ingresos e gastos

A Renda dispoñible bruta é o saldo contable dunha serie de recursos (ou ingresos) e empregos (gastos) que se recollen nas contas de asignación da renda primaria e distribución secundaria da renda.

Distribución dos recursos

Unidade: miles de euros

Contas	2010	2022
Excedente de explotación bruto	4.237.806	5.190.361
Outras transferencias correntes	2.672.762	4.656.681
Prestacións sociais distintas das transferencias sociais en especie	10.904.439	14.687.337
Remuneración dos asalariados	26.818.036	31.978.033
Renda mixta bruta	7.079.010	8.559.394
Rendas da propiedade	2.165.233	2.188.724

Fonte: IGE. Contas do sector fogares ([descarga da táboa](#))

Distribución dos empregos

Unidade: miles de euros


Contas	2010	2022
Cotizacións sociais netas	8.442.385	9.726.005
Impostos correntes sobre a renda, o patrimonio, etc.	3.873.185	6.092.679
Outras transferencias correntes	2.452.888	4.915.077
Rendas da propiedade	656.157	259.179

Fonte: IGE. Contas do sector fogares ([descarga da táboa](#))


No ano 2022, a remuneración dos asalariados representa un 47,5 % dos recursos totais dos fogares, o excedente de explotación/renda mixta achega o 20,4 % dos recursos, mentres as prestacións sociais acadan un 21,8 %. As outras transferencias correntes (que inclúen bolsas de estudo, remesas de emigrantes, transferencias entre fogares e outras rendas) e as rendas da propiedade achegan un 10,2 % dos recursos.

O 46,3 % dos empregos totais do sector fogares son cotizacións sociais, isto é, achegas dos fogares aos sistemas de prestacións sociais. Séguelle en relevancia os impostos sobre a renda, o patrimonio, etc., cun peso no total dos gastos do 29,0 %.

Distribución dos recurso



Distribución dos empregos



O cociente entre cotizacións sociais e prestacións sociais foi do 66,2 % no ano 2022, cando no inicio do período era do 77,4 %.

O papel das transferencias sociais en especie na economía dos fogares

En 2022 as transferencias sociais en especie ascenderon a 10.341 millóns de euros

As transferencias sociais en especie son os bens e servizos individuais proporcionados aos fogares, principalmente polas Administracións públicas, de xeito gratuíto ou a prezos economicamente non significativos. Son financiados polos impostos, cotizacións e outros ingresos das administracións públicas. Son, principalmente, servizos de educación e sanidade.

No ano 2022 estes bens e servizos ascenderon a 10.341 millóns de euros. Esta contía incrementa a renda dispoñible dos fogares dando lugar á chamada Renda dispoñible axustada que medrou no 2022 un 6,6 %.

A distribución da renda dos fogares entre o gasto en consumo final e o aforro


O aforro do sector fogares decrementouse no ano 2022

O gasto en consumo dos fogares medrou en 2022 un 12,2 %, polo que temos como resultado unha diminución do aforro do sector fogares en Galicia.

O cociente entre aforro e renda dispoñible denomínase taxa de aforro e no ano 2022 foi do 9,5 %.

Evolución da taxa de aforro

Unidade: porcentaxes (%)



Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Máis información:

- Contas do sector fogares